



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MESÓN DO VENTO

CURSO: 5º EP

MATERIA: MATEMÁTICAS

DEPARTAMENTO:

DATA: 08-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá..	Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.  Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	Realiza sumas e restas con fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.  Realiza operación con números decimais.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas en situación da vida cotiá	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas en situacións cotiás.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
Operar con diferentes medidas.	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.  Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.  Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para	Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos..

resolver problemas da vida diaria.	
Coñecer as figuras planas: elementos, relación e clasificación. Clasificar os triángulos atendendo aos seus lados e os seus ángulos. Clasificar os cuadriláteros e a súa relación.	Identifica os distintos elementos das figuras planas: lado,vértice, ángulo, diagonal,... Distingue os triángulos segundo os seus lado e os seus ángulos. Clasifica e identifica os cuadriláteros en: paralelogramos e non paralelogramos. Calcula o perímetro de figuras planas.
Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice.... Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.
Recoñecer circunferencia e círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> A avaliación será continua, formativa e global, tendo en conta sobre todo os resultados dos dous primeiros trimestres.</p> <p>Todas as actividades , traballos feitas nos cadernos e os presentados para a súa valoración terán carácter diagnóstico sempre para beneficiar ao alumnado.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b> Proposta de actividades na páx. web. Consulta de dúbidas por teléfono, correo electrónico,... Envío de traballos específicos para valorar con carácter de diagnóstico as súas aprendizaxes.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>Mirar todas as anotacións correspondentes aos dous primeiros trimestres e valorar o traballo feito neste terceiro trimestre sempre en beneficio dos nenos, intentando mellorar as súas notas.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <p>Petición de traballos específicos da parte da materia pendente.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Repaso dos trimestres anteriores:</p> <p>Números e operacións:</p> <p>Repaso das operacións cos números naturais e decimais e resolución de problemas.</p> <p>Fraccións: lectura, ordenación, fraccións equivalentes, fracción irreducible, fracción dunha cantidade, sumas e restas de fraccións co mesmo denominador.</p> <p>Medidas: lonxitude, capacidade, peso, tempo e ángulos (expresións complexas e incomplexas, operacións e resolucións de problemas).</p> <p>Ampliación:</p> <p>Xeometría:</p> <p>As simetrías, traslación de figuras.</p> <p>As figuras planas: polígonos regulares, triángulos, cuadriláteros, circunferencia e círculo.</p> <p>Quedará pendente para o curso que vén as medidas de superficie, áreas de polígonos e probabilidade e estatística.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Utilizar o libro de texto, para a busca de información.</p> <p>Enviar fichas explicativas de apoio a algunha das actividades: figuras simétricas, traslación, figuras planas, construción de distintos tipos de triángulos,...</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libros de texto e material funxible: cadernos, lapis, bolígrafos, xogos de regras....</p> <p>Colgar actividades na páxina web do centro.</p> <p>Logo colgar as solucións das mesmas.</p> <p>Contacto coas familias e o alumnado a través do teléfono, correo electrónico e algunha videoconferencia, por iniciativa da titora ou de calquera dos alumnos/as ou familiares.</p> <p>Petición de envío de actividades ao correo, para a súa corrección e logo intentar explicarlles os fallos e poñerlle outras do estilo para consolidar a aprendizaxe.</p>